

Etapas da Prehistoria

A Prehistoria, moi extensa temporalmente, divídese en tres grandes etapas: o Paleolítico, o Neolítico e a Idade dos Metais.


O Paleolítico

Esta etapa abrangue desde hai uns 5 millóns de anos ata a aparición da agricultura e a gandería, hai uns 10 000 anos.

- **Vida social.** Durante o Paleolítico, o ser humano era nómade e depredador e vivía en pequenos grupos, tribos que se constituíron ante a necesidade de cazar e protexerense entre todos. A iso contribuíu o desenvolvemento da capacidade intelectual e da linguaxe. Un dos descubrimentos máis importantes foi o xeito de facer lume para protexerse do frío e preparar comida.

? SABÍAS QUE...?

Nas **tribos** existía a figura do **xamán**, persoa que exercía unha notable influencia no grupo. Normalmente levaban a cabo funcións relixiosas e de curación.



Grupo humano en distintas tarefas da tribo, como traer a caza, preparar comida co lume e vixiar o territorio.



Precisamente foi o desenvolvemento da capacidade intelectual o que permitiu a aparición das primeiras ferramentas, utilizadas sobre todo para a caza. Algunhas tiñan un fío cortante nunha cara, e outras tiñano polas dúas caras. Despois, aparecerían as bifaces, ferramentas talladas polas dúas caras. Todas elas se agrupan na chamada «cultura de Olduvai».

O *homo erectus* perfecciona estas técnicas de talla, ás que engade machados, aixolas e raspadores. A mediados do Paleolítico destaca a «cultura Musteriense», xa asociada ao home de Neandertal. Este perfecciona os machados e elabora coitelos e raspadeiras para cortar ou limpar peles, así como burís para facer marcas ou gravados e follas de aspecto fino e alongado.

Xa co *homo sapiens sapiens*, a fabricación de ferramentas prodúcese de forma moito máis rápida e con maiores diferenzas entre as distintas culturas:

- «Cultura Auriñaciana»: as ferramentas fanse como follas grandes (figura 1).
- «Cultura Solutreana»: teñen puntas en forma de follas de loureiro (figura 2).
- «Cultura Magdaleniana»: fábrícanse con óso (figura 3) e desenvólvese un novo tipo de arma: o propulsor.



Figura 1




Figura 2



Figura 3

- **Arte e cultura.** Os primeiros artistas plasmaron as súas obras nas paredes e teitos de covas e en xacementos exteriores. Son moi comúns en Europa occidental. Esta arte chámase **parietal** e tamén **rupestre**. Na península ibérica hai boa mostra diso na zona cantábrica; a cova de Altamira é a máis representativa, pero podémolas encontrar en distintos lugares do mundo.




Distintas manifestacións pictóricas na Cova das Mans, no Cañadón do río Pinturas, rexión de Santa Cruz, Bos Aires (Arxentina).

Ademais da pintura, desenvolveuse a **arte mobiliaria**, que agrupa todo o que se crea sen soporte fixo: pezas feitas con marfil, pedra e óso, como lámpadas, pequenas esculturas etc.



PENSA NO TEU RETO

Observa ben as manifestacións artísticas da páxina, xa que poden servirche de inspiración na elaboración do mural para a galería.



Escultura da Venus de Willendorf (Austria). Crese que representa a fecundidade. Mide 10,5 cm.

O Neolítico

Esta etapa desenvólvese desde o descubrimento da agricultura e a gandería ata a utilización do metal, hai uns 7 000 anos.

- **Vida social.** O ser humano era sedentario e produtor e vivía en poboados permanentes, organizados en clans. Os cambios no clima provocaron variacións no tipo de alimentación, nos espazos para vivir, nas crenzas relixiosas ou na forma de enterrar os seus mortos. Pásase da economía depredadora do Paleolítico á economía produtiva, con transformacións de varios tipos: **socioeconómicas**, **técnicas** e **relixiosas**.

– **Transformacións socioeconómicas.** Tras o descubrimento da agricultura e a gandería, cada individuo dedícase a un traballo, segundo a súa especialidade (antes destes cambios, a única diferenza que había no grupo era entre homes e mulleres). A sociedade divídese en varias clases conforme a súa riqueza, e isto é posible porque xa non todo se consome: empézase a almacenar e a ter propiedades coas que comerciar, e aparece o troco. Todo iso provoca que a poboación creza e se estableza nun lugar fixo.


– **Transformacións técnicas.** Aparecen ferramentas relacionadas coa agricultura (fábranse machados e fouces). Desenvólvese a cerámica, a actividade téxtil e os rudimentos da navegación; en definitiva, un aumento do nivel tecnolóxico que lle abrirá as portas ao futuro uso do metal.

– **Transformacións relixiosas, culturais e artísticas.** Xorden cultos aos deuses da Terra, xa que se diviniza a natureza; exemplo disto son as figuríñas femininas da Deusa Nai. Tamén se coñecen cultos funerarios. Ademais, ao se facer sedentarios os grupos humanos, levantáronse poboados fortificados, e isto deu lugar ao xurdimento da arquitectura.

- **Arte e cultura.** Nas covas seguiron elaborándose pinturas, aínda que máis simbólicas, e debuxos, que presentan máis movemento e escenas máis complexas que os debuxos illados do Paleolítico. A finais do Neolítico, na transición á Idade dos Metais, aparecen as grandes construcións en pedra con carácter funerario.



Mullón rudimentario.



A Idade dos Metais

Esta etapa abrangue desde a utilización do metal ata a invención da escritura, arredor do 3 500 a. C. Adóitase dividir en tres períodos: a Idade do Cobre, a Idade do Bronce e a Idade do Ferro.

- **Vida social.** Cara ao 4 300 a. C. aprendeuse a fundir metais, a facer moldes de cobre con que fabricar máis ferramentas en menos tempo. Coa fundición do cobre e o estaño xurdiu o **bronze**. Xa cara ao ano 1 300 a. C., logrouse obter o ferro, o metal máis duro.

Desenvólvese a estratificación social, isto é, a división da sociedade sobre a base de distintos criterios, como o traballo, as propiedades, o prestixio...

Coa utilización dos metais, a sociedade incrementa a súa división, xa que serán só algúns os que se especializan na fabricación destas materias. O seu emprego mellorou a produción de todo tipo de ferramentas. Ademais, neste período prodúcense importantes inventos, como o arado e a roda.


- **Arte e cultura.** A cultura material máis importante do período é a arquitectura megalítica, é dicir, construcións con grandes pedras cuxa finalidade debeu de ser relixiosa ou funeraria. Hai varios tipos de construcións megalíticas: menhires, dolmens e crómlechs.

- **Menhir:** gran pedra alongada cravada no chan verticalmente.
- **Dolmen:** varias pedras verticais cravadas no chan con outras colocadas enriba horizontalmente.
- **Crómlech:** círculo amplo formado con varios menhires.



ACTIVIDADES

4. Busca en Internet en que países se localizan as construcións megalíticas reproducidas nesta páxina.
5. Realiza un esquema coas características principais de cada etapa da Prehistoria.
6. Organízade un debate para argumentar posibles usos ou fins das construcións megalíticas.



A. Menhir de Lagatjar.
B. Dolmen Poul nabrone.
C. Crómlech de Stonehenge.



ACTIVIDADES

- Investiga en Internet onde apareceron o Home de Orce e o *Homo Antecessor* na península ibérica.

? SABÍAS QUE...?

A **pintura** fabricábase con pigmentos minerais de óxido de ferro en varias tonalidades e con carbón vexetal. Aproveitase a forma da mesma rocha para conseguir redondeces nos debuxos, que dan a sensación visual de que saen dela.

Pintura dun dos animais representados na Cova de Altamira, Santillana del Mar (Cantabria).

? SABÍAS QUE...?

A **cova de Eirós** (Triacastela) ou as **Gándaras de Budiño** (O Porriño) conteñen importantes restos arqueolóxicos. Na cova de **Valdavara** (Becerreá) e na **serra do Courel** descubríronse os fósiles humanos máis antigos.

A Prehistoria na península ibérica

Na península ibérica existen moitos xacementos prehistóricos. De feito, as mostras máis antigas que se deron durante o proceso de hominización localízanse aquí.

O Paleolítico

Hoxe podemos asegurar a presenza de seres humanos na península ibérica nas primeiras etapas do Paleolítico, hai máis de 800 000 anos. O **xacemento** máis importante onde se encontraron restos de diferentes homínidos é **Atapuerca** (Burgos).

Conservamos restos do *homo neanderthalis* pertencentes á etapa intermedia, e na última etapa destaca a presenza do *homo sapiens*. Os restos arqueolóxicos mostran que as culturas prehistóricas peninsulares se estableceron sobre todo no Cantábrico e no Levante, onde subsistían grazas á caza e a recolección.

No Paleolítico desenvolveuse a arte rupestre ou parietal. Encontramos pinturas de gran realismo en **Altamira**, El Castillo ou Tito Bustillo, que representan animais soltos de varias cores e gran tamaño. Hoxe crese que estas representacións tiñan unha finalidade máxica, vinculada á necesidade de obter éxito durante a caza.



O Paleolítico e o Mesolítico en Galicia

Temos constancia da existencia de grupos humanos en Galicia desde a primeira etapa do **Paleolítico**, hai 300 000 anos. As primeiras comunidades eran hordas de cazadores-recolectores que tamén pescaban e se alimentaban de marisco nas zonas en que podían facelo. Do último período conservamos útiles feitos con sílex (variedade do cuarzo), ágata, cristal de rocha... e tamén arte moble, especialmente colgantes.

Na etapa previa ao Neolítico, denominada **Mesolítico** (8 000-5 000 a. C.), prodúcese cambios climáticos e desaparecen grandes mamíferos como o bisonte; daquela, perfeccionábase a caza e a recolección e incrementábase a actividade pesqueira e marisqueira, como mostra a aparición de **cuncheiros** (depósitos con restos de cunchas e marisco).

O Neolítico

Durante o V e IV milenio a. C. desenvólvense a agricultura e o pastoreo. A etapa do Neolítico está protagonizada por dúas culturas significativas: a de **cerámica cardial** e a de **sepulcros de fosa**.

- **Cultura de cerámica cardial.** Pertencen a esta cultura os primeiros grupos claramente neolíticos da península ibérica, integrados por agricultores e gandeiros, pero que aínda viven en covas. O elemento clave é a cerámica cardial imprimida, de notable variedade decorativa.
- **Cultura de sepulcros de fosa.** Desenvólvese no nordés peninsular, principalmente en Cataluña. Ten un grao superior de desenvolvemento, sobre todo na construción de poboados. Esta cultura destaca por levar a cabo enterramentos en fosas dun só cadáver en posición fetal e rodeado de ofrendas, ás veces con vasillas. As tumbas agrúpanse en necrópoles. A cerámica desta cultura é lisa e de formas moi sinxelas. Para a industria de pedra utilizan o sílex, material con que fabricaban adornos en forma de colares.



Restos cerámicos e de sílex achados no xacemento neolítico «Casa Montero», Vicálvaro (Madrid).

O Neolítico en Galicia

O Neolítico galego está caracterizado pola **cultura das mámoas**. As **mámoas** son construcións megalíticas formadas por montículos de terra que recobren un **dolmen** ou **anta**. A súa extensión por todo o territorio demostra o elevado número de núcleos poboacionais existentes durante a cultura megalítica, cuxo apoxeo coincide co final do período e se prolonga ata a Idade dos Metais.

Os achados no interior das antas (machados, anacos de cerámica, restos de pinturas e gravados, así como obxectos de adorno) permiten supoñer que se desenvolveu unha intensa **actividade económica**, baseada no intercambio e nos traballos comunitarios. Os habitantes do Neolítico deberon contar cunha boa organización social, probablemente estruturada en clans non xerarquizados. Isto permitiríalles desenvolver a agricultura e a gandería xunto coa caza, ademais de realizar outras tarefas como a explotación de canteiras.



Cova da Moura, Argalo (Barbanza).
A construción de mámoas esixía traballar colectiva e organizadamente.



ACTIVIDADES

8. Localiza no mapa monumentos megalíticos da túa comarca e procura información sobre algún deles.



Localización dalgunhas mámoas e antas galegas.


A Idade dos Metais

A cultura metalúrxica entra na península ibérica polo Mediterráneo no III milenio a. C.

- **Idade do Cobre.** Destacan tres culturas: a **megalítica**, a do **vaso campaniforme** e a de **Los Millares**.
 - **Cultura megalítica.** As construcións megalíticas aséntanse sobre todo no sur da península. Destacan os enterramentos colectivos en forma de **sepulcros de corredor**, con cámara e corredor diferenciados, que adoitan cubrirese con terra.
 - **Cultura do vaso campaniforme.** Caracterízase por ter unha cerámica de decoración xeométrica. O seu desenvolvemento foi simultáneo á de Los Millares. A poboación era gandeira e habitaba en zonas montañosas, xa que a transhumancia os privaba de asentamentos fixos.
 - **Cultura de Los Millares.** Recibe o nome do seu xacemento máis significativo, un poboado almeriense de recinto amurallado sobre un outeiro. As súas casas, de planta circular ou oval, achábanse xunto a unha necrópole con tumbas tamén circulares. Os metais, ademais das actividades agrícolas e a gandería transhumante, convertérono no centro máis importante desta época.
- **Idade do Bronce.** Destaca a **cultura argárica**, localizada no sueste peninsular e cuxo nome toma do poboado almeriense de El Argar. Esta cultura, que substitúe a megalítica, foise estendendo por Andalucía. A poboación dedicábase ao pastoreo e á práctica dunha agricultura cada vez máis intensiva. Fabricaban unha cerámica de elaboración refinada. Acháronse poboados rodeados de murallas altas, o que permite deducir que había un ambiente belicoso.
- **Idade do Ferro.** Cara ao 1200 a. C., a península ibérica empeza a ter unha identidade propia, prodúcese o que se chama a «**iberización**». A principal característica é a difusión da tecnoloxía do ferro que, descuberto en Asia Menor, chega a Europa nos inicios do I milenio a. C. Esta etapa ponlle fin á prehistoria do continente.

Asociada ás Idades do bronce e do ferro destaca unha cultura megalítica coñecida como **cultura talayótica**, na que se encontran tres tipos de monumentos nas Illas Baleares: as *taulas*, as *navetas* e os *talayots* (estes últimos son os que lle dan o nome).

- **Taula.** Monumento megalítico formado por unha base vertical sobre a que se apoia unha lousa. Podería ser utilizado como santuario.
- **Naveta.** Tumba colectiva, chamada así pola súa forma de nave invertida.
- **Talayot.** Construción xeralmente circular con aparencia de torre de pouca altura.




Reconstrución de vivendas de Los Millares (Almería).

A. Taula de Talatí de Dalt (Menorca).

B. Naveta des Tudons (Menorca).

C. Talayot de Trepucó (Menorca).




A Idade dos Metais en Galicia

En Galicia, a introdución da metalurxia está asociada á **cultura do vaso campaniforme**: nalgúns monumentos funerarios megalíticos atopáronse vasos e cazolas procedentes de Portugal que dan conta da intensificación das relacións comerciais con outras zonas da península e do Norte de Europa.

Na **Idade do Bronce** desenvolveuse a metalurxia do bronce e do ouro. Fabricábanse machados, puñais, espadas, lanzas e puntas de frecha de cobre e bronce, así como diademas, arcos, pulseiras e outros obxectos de ouro. Conservamos importantes pezas de ourivería, como as do **tesouro de Caldas de Reis**.

A finais da época do bronce xorde a **cultura castrexa**, denominada así porque a súa principal característica é o **castro**: poboado fortificado construído en zonas elevadas. Os castros compoñíanse dun ou varios recintos, case sempre circulares, rodeados de parapetos, terrapléns, foxos e murallas.



Castro de Baroña.


Os habitantes dos castros proceden do **sur da península** e de **Europa central**, e fóronse asentando na actual Galicia, no norte de Portugal e no occidente de Asturias en distintas épocas prehistóricas. Entre os últimos grupos destacan os **pobos celtas**, que chegaron polo século VIII antes de Cristo.

A **sociedade** castrexa organizábase en **familias**, e estas en **clans** que á súa vez formaban parte de **tribos** gobernadas por xefes. Dedicábanse á gandería e á agricultura, ao marisqueo, á pesca e á caza. Ademais, explotaban depósitos minerais, sobre todo de estaño, ferro, ouro e chumbo, e fabricaban **alfaias** (torques, brazaletes, arracadas e diademas) que tiñan diversas funcións: servíanlles de adorno, como símbolos de honor dos guerreiros, como ofrendas aos deuses e como moeda. Incineraban os mortos e adoraban deidades asociadas a elementos naturais (o Sol, a Lúa, os montes, os ríos, as fontes e as árbores), pero non se atoparon templos nin ídolos.

Esta cultura perdurou ata **finais do século I despois de Cristo** con características propias; e xa influenciada polos romanos, ata a Idade Media.

A arte rupestre galega: os petróglifos

Os **petróglifos** son debuxos marcados con sucos nas rochas, fundamentalmente signos, figuras e escenas simbólicas relacionadas con crenzas máxico-relixiosas. Os máis antigos datan de **finais do Neolítico** e da **Idade dos Metais**. A súa tipoloxía é moi variada: círculos, espirais, labirintos, esvásticas, zigzags... combínanse con representacións de animais (cervos, cabalos ou serpes) e figuras humanas en escenas de caza, equitación ou pastoreo. A maior parte dos petróglifos conservados localízase no **litoral da provincia de Pontevedra**, aínda que tamén temos algunhas mostras no interior de Galicia.




Casco de Leiro e xerriñas do tesouro de Caldas de Reis.



ACTIVIDADES

9. Procura información sobre os castros máis próximos ao lugar en que vives.



Petróglifos en Outeiro do Gribo (Armenteira).